

**AXUDAS PARA ACTUACIÓN DE CORRECCIÓN DE IMPACTOS
PAISAXÍSTICOS**
INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO

RESOLUCIÓN do 29 de marzo de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos, e establecese a súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento MT402A).

Persoas beneficiarias

Poderán optar ao recoñecemento da axuda:

- a) As persoas físicas titulares dun ben inmoble, recurso ou elemento, así como aqueles que posúan calquera título válido en dereito que autorice a realización da actuación solicitada.
- b) As comunidades de persoas propietarias e as agrupacións de comunidades de persoas propietarias, constituídas de conformidade co disposto polo artigo 5 da Lei 49/1960, do 21 de xullo, de propiedade horizontal.

Os requisitos esixidos deberán de cumplirse antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes

Obxecto

Subvencións en réxime de concorrencia non competitiva, para a execución de actuacións de corrección de impactos paisaxísticos, de conformidade cos valores paisaxísticos recolleitos no Catálogo das paisaxes de Galicia; concretamente, as relacionadas no artigo segundo da resolución.

Gastos subvencionables

Poderán ser obxecto de subvención as seguintes actuacións:

- Tratamento de paredes medianeiras vistas, mediante cobertura con materiais de revestimento, pintado ou tratamento vexetal, adaptadas aos criterios da Guía de cor e materiais de Galicia.
- Revestimento e pintado de fachadas actualmente finalizadas en ladrillo cerámico ou bloque de formigón sen revestir, adaptados aos criterios da Guía de cor e materiais de Galicia.
- Renovación do acabado exterior das fachadas de edificacións (paramentos e carpinterías) que supoñan un impacto paisaxístico como consecuencia da

tonalidade e/ou a intensidade da actual cor de acabado, para substituílo por solucións adaptadas á Guía de cor e materiais de Galicia.

- Remate exterior de cubertas realizadas con placas de fibrocemento, mediante a instalación ben de tella cerámica ben de lousa, en función do material tradicional da comarca, de acordo coas recomendacións da Guía de cor e materiais de Galicia.

-Acondicionamento e mellora de peches de leiras de gran dimensión (altura superior a 1,50 metros), mediante a substitución de muros opacos por solucións diáfanas ou sebes vexetais adaptadas aos criterios da Guía de boas prácticas de caracterización e integración paisaxística de valados.

- Revestimento de muros de peche de leiras realizados con bloques de formigón, con fábrica de pedra semellante á cachotería tradicional, adaptada aos criterios da Guía de boas prácticas de caracterización e integración paisaxística de valados.

- Substitución de celosías e outros tipos semellantes de pezas prefabricadas de cerámica ou de formigón, en peches de leiras, por solucións diáfanas ou sebes vexetais adaptadas aos criterios da Guía de boas prácticas de caracterización e integración paisaxística de valados.

Contía

A contía máxima será do 70 % do orzamento do investimento subvencionable, co límite máximo de 3.000,00 €.

Prazo de presentación de solicitudes

Ata o 31 de maio de 2021

Máis información:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210413/AnuncioG0192-290321-0001_es.pdf